

CONCURSO FOTOGRAFÍA



A EXCLUSIÓN RESIDENCIAL EN GALICIA

A Rede Europea Contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN - Galicia) convoca este concurso de fotografía dixital para participantes, técnicas ou voluntarias de entidades de acción social e calquera outra persoa con interese pola fotografía, a inclusión social e a loita contra a pobreza.

Ter a oportunidade de acceder a unha vivenda digna, axeitada e accesible é un factor indispensable para a inclusión social. Por si só, un fogar ou aloxamento digno non garante o exercicio pleno da cidadanía, pero sen

dúbida, é unha condición indispensable. Cando se analiza a situación da vivenda e da exclusión residencial en España e Galicia, atópanse unha gran cantidade de problemáticas relacionadas entre si que se manteñen dende os anos anteriores á crise económica do 2008.

Este concurso, **realizado coa colaboración da [Federación Galega de Turismo Rural \(FEGATUR\)](#)** xorde no marco da campaña #EmerxenciaVivenda, pois é urxente poñer fin a estas situacións, e achegar á sociedade galega, especialmente a administracións, partidos e tomadores de decisións, a realidade da exclusión residencial en Galicia.

1. TEMÁTICA

As fotografías presentadas ao concurso terán como temática: "Pobreza, exclusión e vivenda".

Valoraranse unicamente as fotografías que teñan que ver co tema do concurso e que reflectan situacións reais e actuais, relacionadas coa exclusión residencial, infravivenda, chabolismo, problemas de salubridade, altos prezos, dificultades de acceso ao alugueiro, falta de accesibilidade, dificultades no medio rural, etc.

As fotografías presentadas deberanse acompañar dun título e pe de foto sobre a imaxe.

As persoas participantes no concurso deben garantir que as fotografías presentadas se realicen cumprindo as seguintes condicións:

- a. Non deben aparecer marcas comerciais, nin información persoal relativa a persoas físicas. Por exemplo, non se pode fotografar a persoas sen a súa autorización, nin a obxectos nos que se identifique o nome ou o distintivo dunha empresa ou organización.
- b. No caso de que nas fotografías aparezan persoas de xeito recoñecible, débese contar coa súa autorización previa de acordo ao modelo adxunto a estas bases.
- c. Débense respectar as condicións requiridas polo Regulamento Xeral de Protección de Datos ([Máis información](#)). As persoas participantes no concurso se fan responsables de cumprir con estas condicións, exonerando á Organización do Concurso de calquera tipo de responsabilidade. No caso de recibir fotografías que non cumpran estas condicións, EAPN - Galicia eliminaráas automaticamente e a persoa que as enviara non poderá participar no concurso.

2. PARTICIPANTES E PRAZO DE ADMISIÓN

Para participar no concurso é necesario ser maior de 18 anos e residir en Galicia.

A recepción de fotografías finalizará o 13 de decembro ás 23:29h.

3. OBRA

Poderán presentarse un máximo de dúas fotografías por participante con total liberdade de técnica e procedemento. Deberán ser orixinais, inéditas e non poderán ter sido premiadas en ningún outro concurso.

As fotografías deben reunir as seguintes especificacións técnicas:

- Formato JPG
- Calidade mínima que permita unha impresión en papel de 28cm x 35cm (recomendado 2MP e nunca inferior a 1024x768).

4. PRESENTACIÓN

As fotografías deberán enviarse a través do **formulario específico dispoñible "neste enlace"**, cubrindo os apartados necesarios para a participación no concurso. Tamén se deberán achegar as autorizacións no caso de que sexan necesarias de acordo ás condicións previstas no punto 1.c. destas bases.

5. PREMIOS

Entre todas as fotografías recibidas farase unha selección daquelas que reúnan maior calidade ou interese social para **formar parte da Exposición #EmerxenciaVivenda**. Poderán ser expostas, sempre facendo referencia ao autor/a, tanto en formato dixital nas redes de EAPN e as súas entidades membro, como en formato físico en diferentes puntos da nosa comunidade autónoma ou do estado, sedes de entidades sociais, congresos e seminarios, institucións públicas, etc.

1º premio: 1 noite nunha casa de turismo rural para dúas persoas en réxime de media pensión + Bono de 150€ en produtos de ofimática.

2º premio: 1 noite nunha casa de turismo rural para dúas persoas con almorzo + Bono de 100€ en produtos de ofimática.

Premios especiais á representatividade de situacións diversas: O xurado do concurso resérvase o dereito de premiar a maiores cun bono de 100€ en produtos de ofimática aquelas fotografías que reflexen situacións de exclusión residencial que non adoitan ser representadas ou representativas desta problemática.

O obxectivo é fomentar que as fotografías presentadas por todas as persoas participantes podan, en conxunto, reflectir a complexidade e diversidade da exclusión residencial en Galicia incluíndo, ademais de situacións extremas como o sen teito, o resto de situacións incluídas na tipoloxía ETHOS¹, a falla de accesibilidade, dificultades de acceso ao alugueiro, de emancipación, problemas de salubridade, de facer fronte ás rendas, etc.

¹ https://www.feantsa.org/download/ethos_spain-24518105836657575492.pdf

6. XURADO

O xurado do Concurso estará composto por:

- 2 persoas membro de EAPN Galicia
- 1 persoa membro do Grupo de Participación de EAPN Galicia
- 1 persoa membro do Grupo de Comunicación de EAPN Galicia

7. FALLO E ENTREGA DE PREMIOS

O fallo do xurado será inapelable e farase público antes do 31 de decembro de 2022 na web de EAPN Galicia (www.pobreza.gal) e a través de Facebook e Twitter. Tamén se comunicará por correo electrónico ás persoas gañadoras.

8. CONDICIÓN

EAPN GALICIA resérvase o dereito de difusión das obras presentadas en publicacións e exposicións relacionadas co concurso e materiais de sensibilización, sempre facendo mención do autor, que non perde a propiedade do seu traballo.

1. O mero feito de participar na convocatoria supón a aceptación das bases reguladoras deste Concurso. A resolución que deba adoptarse por calquera incidencia non prevista nestas bases corresponderá unicamente a EAPN como Organizadora do Concurso, quen resolverá co mellor criterio, sen que proceda recurso algún.
2. As fotografías presentadas pasarán a formar parte do arquivo de imaxes de EAPN Galicia. As persoas autoras cederán os dereitos de reprodución, exhibición e difusión pública destas imaxes, facendo figurar en todo momento por parte da Organización o nome da persoa autora de cada fotografía.
3. A Organización do Concurso non se fará responsable das imaxes recibidas que sexan defectuosas ou non sexan lexibles.
4. As persoas ganadoras do Concurso dan o seu consentimento aos efectos de acceder aos seus datos persoais e tratalos coa finalidade de comunicar o resultado do Concurso, empregando para elo o seu nome e imaxe, sen que dita utilización lle confira dereito de remuneración ou beneficio algún.
5. O xurado resérvase o dereito de declarar deserto o Concurso, no caso de que o material presentado non reúna a suficiente calidade, ou non se adapte ás especificacións das bases.